



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 4 de febreiro de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 27 de xaneiro de 2021.
2. Dáse conta das bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, da Consellería de Emprego e Igualdade.
3. Dáse conta das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
4. Apróbase o proxecto e solicítase subvención para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, con destino ó investimento “Mellora e renovación do alumeadado público exterior do lugar de Malvido”.
5. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda sita en Lugar de Moreira, nº 18, San Xulián, Marín.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta das bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, da Consellería de Emprego e Igualdade.
2. Solicítase subvención con cargo ó Plan Concellos 2021, con destino ó investimento “Rehabilitación do depósito de auga da rúa da Costa”
3. Corríxese erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2020, polo que se aprobou o proxecto e solicitouse subvención á Deputación de Pontevedra, con cargo ó Plan concellos 2018-2019, con destino ó investimento “Construción dun columbario e 8 panteóns no Cemiterio Municipal da Raña”.

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

